

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	IES Johan Carballeira	Bueu	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	15
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	15
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	16
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	16
o) Outros apartados	16

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

ESO

Organizada en 4 cursos. Trátase de desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan adquirir os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico-tecnolóxico e motor; desenvolver e consolidar os hábitos de estudo e de traballo.

Obxectivos segundo decreto 156/2022

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores común dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.
- d) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos.
- e) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas.
- f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- h) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.
- j) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- k) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- l) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BACHARELATO

Obxectivos segundo decreto 157/2022

O bacharelato ten como finalidade proporcionar formación, madureza intelectual e humana, coñecementos, habilidades e actitudes que permitan desenvolver función sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e aptitude. Así mesmo, esta etapa deberá permitir a adquisición e o logro das competencias indispensables para o futuro formativo e profesional, e capacitar para o acceso á educación superior.

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.
- m) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

FP

A Formación Profesional comprende un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultura e económica. Ten por finalidade preparar ao alumnado na actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio dunha cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente.

Obxectivos segundo decreto 114/2010

- a) Desenvolver a competencia xeral correspondente á cualificación ou cualificacións obxecto dos estudos realizados.
- b) Comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, e os mecanismos de inserción profesional.
- c) Coñecer a lexislación laboral, e os dereitos e as obrigas que derivan das relacións laborais.
- d) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- e) Traballar en condicións de seguridade e saúde, e previr os posibles riscos derivados do traballo.
- f) Desenvolver unha identidade profesional motivadora de futuras aprendizaxes e adaptacións á evolución dos procesos produtivos e ao cambio social.
- g) Afianzar o espírito emprendedor para o desempeño de actividades e iniciativas profesionais.
- h) Lograr as competencias relacionadas coas áreas prioritarias referidas na Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- i) Facer realidade a formación ao longo da vida e utilizar as oportunidades de aprendizaxe a través de distintas vías formativas para manter a actualización nos ámbitos social, persoal, cultural e laboral, conforme as súas expectativas, as súas necesidades e os seus intereses.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Segundo decreto 156/2022 de secundaria e 157/2022 de bacharelato

A relación entre competencias clave e retos do século XXI é a que lle dará sentido á aprendizaxe, ao achegar a escola a situacións, cuestións e problemas reais da vida cotiá, o que, á súa vez, proporcionará o necesario punto de apoio para favorecer situacións de aprendizaxe significativa e relevante, tanto para o alumnado como para o persoal docente. Quérese garantir que todo o alumnado que supere con éxito o ensino básico e, polo tanto, acade o perfil de saída saiba activar as aprendizaxes adquiridas para responder aos principais desafíos a que deberá facer fronte ao longo da súa vida.

Competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

A metodoloxía, contidos e os principios pedagóxicos contribuirán a que ao final da etapa se adquiran as seguintes competencias:

- a) Ser capaces a expresarse de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais.
- b) Ser capaces de Comprender, interpretar e valorar con actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.
- c) Poder ler con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade.
- d) Usar eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas.
- e) Saber utilizar métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas.
- f) Ser quen de utilizar o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor.
- g) Saber emprender accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos.
- h) Ser capaces a xestionar e utilizar a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.
- i) Poder comprender os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
- j) Saber realizar autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.
- k) Saber demostrar respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
- l) Ser capaces a desenvolver o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e tomar decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Fomentaranse de maneira transversal os seguintes contidos:

- 1- A igualdade entre mulleres e homes e respecto á diversidade afectivo sexual e familiar.
- 2- A educación para a saúde.
- 3- A concienciación e formación sobre o cambio climático.
- 4- A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.
- 5- O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- 6- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- 7- O coñecemento e respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.
- 8- O coñecemento do sistema laboral a nivel local e global.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

As propostas metodolóxicas teñen que dar unha resposta axeitada ás diferentes necesidades de todo o alumnado, especialmente do ACNEAE. Tendo en conta isto, as metodoloxías deberán ser diversas de acordo coas características específicas do grupo ao que nos diriximos e facilitar o desenvolvemento de estratexias que permitan o traballo por competencias.

As opcións metodolóxicas deben ter en conta:

- Evitar o uso de modelos de ensino-aprendizaxe baseados na transmisión memorística de coñecementos.
- Axustar os contidos ao nivel inicial do que parte o alumnado.
- Potenciar a aprendizaxe autónoma, activa e participativa do alumnado, tendo en conta os principios do construtivismo.
- Promoven o emprego das novas tecnoloxías de información e comunicación na aula como recurso metodolóxico complementario que axude na formación do alumnado.
- Promover a aprendizaxe colaborativa e cooperativa.
- Fomentar o traballo por proxectos.
- Ofrecer ao alumnado diferentes tipos de actividades e múltiples formas de presentación e avaliación segundo o principio do DUA.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O criterio fundamental para a selección de materiais e recursos didácticos é que estes sexan variados, adaptados, flexibles e accesibles. Ademais deben estar en concordancia coa idade e nivel do alumnado correspondente.

Entre os materiais haberá tanto os de soporte papel de uso individual: libros de texto, fotocopias, cadernos, libros de lectura, etc. Como tamén, os de soporte dixital, de uso individual (ordenadores, tablets, etc), ou colectivo (canón de proxección).

En cada aula o alumnado disporá de, polo menos, un canón e un ordenador con conexión a internet; na biblioteca poderanse consultar as fontes bibliográficas existentes no catálogo de libros, como tamén manexar ordenadores para procura e/ou consulta de información.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

O centro presenta a seguinte oferta educativa tendo en conta as diferentes etapas formativas:

- Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Bacharelato nas modalidades de Ciencias e Tecnoloxía, e de Humanidades e Ciencias Sociais.
- Adultos:

ESA
Bacharelato nas modalidades antes sinaladas.

- Ciclos formativos.

Ciclos medios:

Xestión Administrativa
Peiteado e Cosmética Capilar
Estética Persoal Decorativa
Soldadura e Caldeiraría

Ciclo superior:

Administración e finanzas
Construcións Metálicas

Formación Profesional Básica

Peiteado e Estética
Actividades marítimo-pesqueiras
Fabricación e montaxe

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias son aquelas que se desenvolven dentro do horario lectivo. Polo tanto son de asistencia obrigatoria para o alumnado.

A súa organización rexerá polo principio de distribución equilibrada ao longo do curso para cada grupo e/ou nivel educativo, de tal xeito que non se sobrecargue un trimestre ou curso/nivel respecto aos demais.

Cada departamento, baixo a coordinación da Vicedirección do centro, planificará ao comezo de curso o programa de actividades complementarias a desenvolver. Estas actividades estarán relacionadas co currículo do curso/nivel ao que vaian dirixidas, por tanto adecuaranse ao recollido nas respectivas programacións didácticas.

Para favorecer o desenvolvemento das actividades promoverase a súa interdisciplinaridade.

Á hora de planificar, deseñar e seleccionar as actividades complementarias e extraescolares do curso académico todos os departamentos implicados terán presente os seguintes criterios xerais:

- Vinculación das actividades cos contidos do currículo educativo das diferentes materias /cursos / etapas.
- Transversalidade das actividades entre diferentes departamentos e/ou entidades socioculturais.
- Fomento de actividades de proximidade na contorna do centro educativo.
- Gratuidade da actividade ou redución dos custos da mesma.
- Fomento de actividades inclusivas para todo o alumnado.
- Fomento de actividades que teñan en conta os contidos transversais.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O artigo 51da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que o/a alumno/a teñan pendente(s) de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor. O departamento didáctico velará pola realización dos plans de materias pendentes por parte do alumnado.

Para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden.

O plan de reforzo para o alumnado con materias pendentes deberá incluír:

- 1) Identificación do alumno/a.
- 2) Información relevante sobre a(s) materia(s) sen superar.
- 3) Currículo para desenvolver con especificación dos criterios de avaliación.
- 4) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- 5) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- 6) Tarefas para realizar con temporalización.
- 7) Seguimento e avaliación
- 8) Acreditación de información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que

regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

O plan específico para o alumnado repetidor será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico do alumnado repetidor e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceden. Ao final do curso -na sesión de avaliación- informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

O plan específico para o alumnado repetidor deberá incluír:

- 1. Identificación do alumno/a.
- 2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- 3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- 4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- 5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- 6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- 7. Acreditación de información á familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

- AVALIACIÓN

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación.
2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduado ou graduada en educación secundaria obrigatoria.
3. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
5. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
6. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

7. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

8. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

9. Na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

10. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.

11. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

- PROMOCIÓN

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado segundo o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- TITULACIÓN

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
 - c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.
4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria desde a formación profesional básica.
A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo de formación profesional básica conducirá á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

BACHARELATO

- AVALIACIÓN

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.
2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.
3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.
4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
5. Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se fora caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.
6. No segundo curso de bacharelato, no período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, o centro educativo organizará a impartición das clases co fin de preparar o alumnado para a realización da avaliación de acceso á universidade e das probas extraordinarias.
7. Os resultados da avaliación das materias expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez sen decimais e consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco. Cando o alumnado non se presente ás probas extraordinarias consignarase non presentado/a (NP).
8. A persoa titora recollerá en acta, para cada sesión de avaliación, as decisións e os acordos acadados referidos a cada alumna e alumno, e ao grupo no seu conxunto.
9. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e á titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas as que incidan no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

- PROMOCIÓN

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada

alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso por implicar continuidade.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse de materias troncais de opción ou específicas de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso tivesen avaliación negativa nalgúns materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tivera superado previamente.

- TITULACIÓN

1. O título de bacharelato acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

2. Para obter o título de bacharelato cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharelato será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

ENSINANZAS DE ADULTOS (Resolución do 18 de xullo de 2022)

EDUCACIÓN SECUNDARIA

- AVALIACIÓN

1. Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por módulo en cada un dos tres ámbitos de coñecemento para facilitar o progreso do alumnado no seu itinerario formativo e facilitar tamén o recoñecemento da formación obtida en contextos non formais.

2. As probas de avaliación na modalidade a distancia telemática celebraranse presencialmente no IES San Clemente de Santiago de Compostela. Excepcionalmente, cando as circunstancias así o aconsellen, poderá desprazarse o profesorado do centro a outras localidades a realizar as ditas probas. Neste suposto os centros EPA poñerán a

disposición dese alumnado os locais axeitados. A vixilancia da realización das probas escritas será efectuada polo profesorado do IES San Clemente desprazado para este efecto ata os centros correspondentes.

3. Para establecer a cualificación do ámbito de Comunicación cando interveñan dous profesores ou profesoras, realizarase a media ponderada dos dous submódulos integrados nel, de xeito que o submódulo de lingua estranxeira nunca teña unha valoración superior ao 30% da cualificación do módulo correspondente.

4. Cando o ámbito científico-tecnolóxico sexa impartido por dous docentes, no caso de impartir o ámbito nunha proporción do 50%, para establecer a cualificación do ámbito realizarase a media ponderada das dúas cualificacións achegadas por cada un dos profesores ou profesoras, de xeito que cada unha das cualificacións supoña o 50% da cualificación final do módulo correspondente. Para outro reparto da materia, seguiranse criterios proporcionais para a cualificación do ámbito.

5. As sesións de avaliación final dos módulos impartidos no primeiro cuatrimestre terán lugar na primeira quincena do mes de febreiro, e a partir do 5 de xuño de 2023 no caso dos módulos do segundo cuatrimestre.

6. O alumnado que supere os cuartos módulos de cada ámbito de coñecemento no mes de febreiro será proposto para o título de graduado en educación secundaria con anterioridade ao 1 de marzo.

7. As probas extraordinarias correspondentes aos módulos impartidos no primeiro cuatrimestre realizaranse antes de rematar o mes de maio de 2023. No caso dos módulos impartidos no segundo cuatrimestre, as probas extraordinarias terán lugar entre o 19 e o 21 de xuño.

8. As sesións de avaliación final extraordinaria deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

9. No caso de concorreren circunstancias especiais que xustifiquen a modificación do calendario da avaliación extraordinaria establecido, a Inspección Educativa poderá autorizar o cambio de datas.

10. Os módulos I, II, III ou IV de cada ámbito da ESA avaliados positivamente ou promovidos con avaliación negativa quedan superados, polo que non é necesario volver cursalos.

BACHARELATO

-AVALIACIÓN

1. O alumnado que non se presente a algunha ou a todas as probas das avaliacións parciais poderá presentarse directamente ás probas das avaliacións ordinaria e extraordinaria.

2. A superación das materias de segundo curso estarán condicionadas, por implicar continuidade, á superación das correspondentes materias de primeiro curso.

3. A terceira avaliación parcial poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario.

4. As materias nas que o alumnado obteña cualificación positiva consideraranse definitivamente superadas.

5. O alumnado matriculado en materias de primeiro curso terá dereito a dúas avaliacións finais, unha ordinaria, que se realizará a partir do 5 de xuño de 2023 e outra extraordinaria, que se realizará a partir do 22 de xuño de 2023.

6. O alumnado matriculado en materias de segundo curso terá dereito a dúas avaliacións finais, unha ordinaria, que se realizará en datas que permitan a inscrición nas probas de acceso á universidade (ABAU), e outra extraordinaria, que se realizará a partir do 22 de xuño de 2023.

7. O alumnado matriculado en materias de primeiro e segundo no curso 2022-2023 poderá optar, na avaliación final ordinaria, entre:

7.1. Adiantar a avaliación final ordinaria das materias de primeiro curso. Neste caso as sesións de avaliación final ordinaria das materias, tanto de primeiro como de segundo, adecuaranse ás datas previstas para a ABAU.

7.2. Realizar a avaliación final ordinaria das materias de primeiro curso nas datas establecidas con carácter xeral no apartado e) deste punto. Neste caso as sesións de avaliación final ordinaria das materias, tanto de primeiro como de segundo, realizaranse a partir do 5 de xuño de 2023.

8. O alumnado que opte por non adiantar a avaliación final ordinaria das materias de primeiro curso deberá comunicalo antes do 17 de abril de 2023 á dirección do centro correspondente, que procederá a crear grupos XADE diferenciados.

-TITULACIÓN

1. Ao finalizar o segundo de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias xerais do bloque de materias troncais de cada un dos cursos da modalidade ou itinerario polos que remata, así como catro materias de opción do bloque de materias troncais, das que polo menos tres deben ser da modalidade pola que remata, das cales dúas serán de segundo curso; a materia de Educación Física (agás o alumnado exento), a materia de libre configuración de Lingua Galega e Literatura e catro materias do bloque de materias específicas das establecidas polo citado Decreto 86/2015, do 25 de xuño, das cales dúas serán de primeiro curso e dúas de segundo.

FP

Consideracións xerais segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011.

1. Denomínanse sesións de avaliación as reunións de carácter colexiado que realice o equipo docente, convocadas e presididas polo profesor ou a profesora que se encargue da titoría do grupo, levadas a cabo co obxecto de contrastar as informacións proporcionadas polo profesorado de cada módulo profesional en relación coa valoración dos resultados de aprendizaxe do alumnado e co seu progreso na consecución dos obxectivos xerais do ciclo. Nestas sesións, o equipo docente tomará as decisións que afecten o proceso de avaliación e promoción do alumnado.

2. O titor ou a titora de cada grupo redactarán unha acta do desenvolvemento das sesións, na cal se farán constar, entre outros, os acordos alcanzados e as decisións adoptadas.

A valoración dos resultados derivados destes acordos e destas decisións constituirá o punto de partida na seguinte sesión de avaliación.

O equipo docente adoptará as medidas oportunas que garantan a máxima confidencialidade da información que mereza un tratamento reservado.

3. As sesións de avaliación serán desenvolvidas en función dos períodos lectivos e polo profesorado que o decreto do currículo regula para cada ciclo formativo.

-AVALIACIÓN

INICIAL

Ao comezo do curso académico o equipo docente realizará unha sesión de avaliación do alumnado a fin de coñecer as características e a formación previa e as capacidades do alumnado.

PARCIAIS E FINAIS

Avaliacións parciais de módulos do primeiro curso.

1. A acta de avaliación parcial de módulos de primeiro curso axustarase ao modelo da orde.

2. Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final de módulos do primeiro curso deixarase un período non superior a tres semanas que, entre outras actividades, se destinará á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes.

3. Para o alumnado que teña módulos pendentes logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva destes módulos farase efectiva na avaliación final de módulos de primeiro curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na terceira avaliación parcial.

Avaliación final de módulos do primeiro curso.

1. A sesión de avaliación final de módulos do primeiro curso corresponderase sempre co remate do período formativo dos módulos no centro educativo.

2. Na sesión de avaliación final de módulos de primeiro curso, o equipo docente tomará as decisións sobre promoción do alumnado ao seguinte curso, segundo establecido na orde.

No suposto de que se pase de curso con módulos pendentes, o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial prevista no artigo 31.3 desta orde. Nestes módulos pendentes de primeiro curso non será de aplicación a perda do dereito á avaliación continua a que se refire esta orde.

O informe de avaliación individualizado conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

3. A acta de avaliación final de módulos de primeiro axustarase ao modelo da orde.

Avaliacións parciais de módulos do segundo curso.

1. As sesións de avaliación parcial de módulos do segundo curso só se realizarán para os ciclos formativos de 2.000

horas de duración.

2. A acta de avaliación parcial de módulos de segundo curso, previa á realización da FCT no período ordinario, axustarase ao modelo da orde. En caso de existir avaliacións parciais anteriores no segundo curso, axustaranse ao modelo da orde.

3. Na sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario, o equipo docente tomará as decisións de acceso do alumnado a esta, conforme os seguintes criterios:

a) Superación de todos os módulos de segundo curso.

b) De ser o caso, superación dos módulos de primeiro curso pendentes.

En calquera caso, a cualificación final dos módulos de segundo curso e módulos pendentes de primeiro farase efectiva na sesión de avaliación final de módulos do segundo curso. Non obstante, nos módulos superados a cualificación final coincidirá coa obtida na avaliación parcial previa á realización da FCT.

4. O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter módulos pendentes de primeiro e/ou segundo curso, poderá recuperalos neste mesmo período. Para este fin, o equipo docente asignaralle unha serie de actividades de recuperación para os módulos non superados, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

O informe de avaliación individualizado conterá a información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados polos alumnos e as alumnas, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe.

Avaliación final de módulos do segundo curso.

1. A sesión de avaliación final de módulos do segundo curso realizarase logo de rematado o período ordinario de realización da FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior. Para estes efectos, entenderase que o módulo de FCT é un módulo de segundo curso, de acordo co establecido nos currículos correspondentes a cada ciclo formativo.

2. Na sesión de avaliación final de módulos de segundo curso, o equipo docente:

a) Realizará a proposta de título para o alumnado que obtivese cualificación positiva nos módulos de FCT e no módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior.

b) Proporalle a realización da FCT ao alumnado que recupérase os módulos pendentes de primeiro e segundo curso durante o período ordinario de realización da FCT. Este alumnado deberá formalizar unha nova matrícula para cursar o módulo de FCT e o módulo de proxecto no caso de ciclos formativos de grao superior.

3. A acta de avaliación final de módulos de segundo axustarase ao modelo do anexo II desta orde.

Avaliación final extraordinaria de módulos do segundo curso.

1. O alumnado que, logo da avaliación final de módulos do segundo curso teña pendente exclusivamente a FCT e/ou o módulo de proxecto, poderá realízalos en calquera dos períodos establecidos na súa normativa reguladora. Ao remate de cada un destes períodos realizarase unha avaliación final extraordinaria de módulos de segundo curso, en que se avaliará unicamente o módulo de FCT e o módulo de proxecto, no caso de ciclos formativos de grao superior, e realizarase, de ser o caso, a proposta de título correspondente.

2. A acta de avaliación final extraordinaria de módulos de segundo axustarase ao modelo do anexo III desta orde.

PROMOCIÓN A SEGUNDO CURSO

1. O alumnado poderá formalizar a matrícula no segundo curso cando teña superados todos os módulos do primeiro curso ou se a suma da duración do módulo ou dos módulos pendentes non supera as 300 horas.

En todo caso, cando un alumno ou unha alumna non logren a promoción deberán repetir os módulos profesionais non superados, para o cal deberán formalizar a matrícula no mesmo curso e se incorporarán ao grupo de alumnado correspondente.

2. Con carácter xeral, o alumnado poderá realizar a matrícula de primeiro ou segundo curso no mesmo centro un máximo de dúas veces, sempre que non esgotase o número de convocatorias establecido no artigo 3 desta orde.

PROMOCIÓN A SEGUNDO DE FPB (ORDE do 13 de xullo de 2015)

1. Ao remate do primeiro dos cursos do ciclo formativo e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente de cada grupo de alumnado, na sesión final extraordinaria, decidirá sobre a promoción a segundo curso.

2. O alumnado de primeiro curso terá promoción cando:

a) Superase todos os módulos nalgunha das convocatorias establecidas.

b) Os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal e superase o módulo de Comunicación e sociedade I ou o módulo de Ciencias aplicadas I. Con todo, deberá

matricularse destes módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros docentes deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

O alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, a temporalización e a data en que serán avaliadas.

3. O alumnado que non cumpra os requisitos de promoción ao segundo curso deberá repetir o primeiro curso na súa totalidade.

TITULACIÓN

O alumnado terá que acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo para obter o título correspondente a cada un deles.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, establece os seguintes criterios para acadar as matrículas de honra en 4º de ESO e 2º de bacharelato:

- Que teña unha media nese curso superior a un 9.

- No caso de empate entre dous ou máis alumnos e alumnas, aproximarase a media até 3 decimais. Se seguise o empate, levará a matrícula de honra o alumnado que teña máis notas numéricas con valor de 10.

As matrículas outorgadas non poden superar o 5% do total do alumnado dese curso.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Os diferentes departamentos didácticos do IES Johan Carballeira desenvolverán o currículo establecido mediante as Programacións Didácticas de cada materia / curso. Estas programacións didácticas son públicas e están a disposición da comunidade educativa na páxina web do noso centro.

Na elaboración das programacións didácticas, a xefatura de cada departamento deberá coordinar e responsabilizarse da redacción da programación didáctica das diferentes materias que se integran no seu departamento. As programacións serán entregadas antes do inicio das actividades lectivas á Xefatura de estudos para o seu envío ao Servizo de Inspección Educativa.

As programacións didácticas das diferentes materias incluírán como mínimo os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

c) Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área, materia ou ámbito que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación.

d) Metodoloxía.

¿ Concrecións metodolóxicas.

¿ Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

¿ Procedemento para a avaliación inicial.

¿ Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación e criterios de recuperación ou criterios de valoración, no caso de educación infantil.

¿ Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, no caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

¿ Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

¿ Concreción dos elementos transversais.

¿ Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

¿ Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

¿ Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

O centro, a través da dirección, promoverá a participación, tanto do alumnado como do profesorado, en aqueles proxectos, plans e programas que se consideren de interese para a formación dos membros da comunidade educativa.

- Mellora da convivencia e da igualdade (Contratos-Programa).
- Promoción da excelencia (STEMBACH, Contratos-Programa, Club de Ciencia, Club de Lectura, PLAMB).
- Promoción de hábitos de vida saudable (Contratos-Programa).
- Mellorar da integración e a inclusión de todo o alumnado (Contratos-Programa).
- Promoción a permanencia do alumnado no sistema educativo (PROA+, Contratos-Programa, Programa Emprende).
- Mellora da competencia en linguas estranxeiras e coñecemento doutras realidades culturais e laborais (Erasmus+, Probas de Certificación de Linguas Estranxeiras).
- Posta en marcha dos Polos Creativos.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

Esta concreción curricular será revisada e avaliada ao finalizar o curso por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, que procederá logo a trasladar ao claustro aquelas medidas de mellora ou modificacións para que este proceda á súa aprobación.

A comezos de cada curso será sometida a votación en claustro e posta logo en coñecemento do Consello Escolar, así como tamén, a través da páxina en internet do centro, do alumnado e das súas familias.

o) Outros apartados